

Núm 110

Tomo 10

# nós

CASTILLO



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 \*

Número solto 0'70 \*

Este boletín non publicará mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

S U M A R I O

FIESTRA, por ALVARO CUNQUEIRO.

MONROY, (Vidas noiesas), por ALVARO DE LAS CASAS.

NORIEGA VARELA, POETA DA MONTAÑA (Conferencia), por AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO.

DA ALEMANA, por VICENTE RISCO (proseguimento).

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS, pol-a REDAUCIÓN.

\*\*\*\*\*  
IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos.

Hortas, 20

SANTIAGO

Dicenle Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV ★ Ourense 15 de Febreiro do 1933 ★ Núm. 110

F I E S T R A

A RAIMUEDO AGUIAR.

Alumna desprendida do ar a mais outura.

Meridiana en sorrisas de seis côres.

Tempo. Inicial. Paisaxe ao descoberto

De senos limpos i-ágoa casi aérea.

Tori e en arista pura i-arco enteiro.

Soedade en portas de temporal en risa.

Ollo. Fiñal. Semente voandeira.

De tempo a tempo carriola despexada.

Nivel de mar e fondo diamante

Sol e soma. Canzón. Luas dormidas

prado e solaz de pastos en brancura.

ALVARO CUNQUEIRO.



## VIDAS NOIESAS

# M O N R O Y

Por ALVARO DE LAS CASAS

**B**RINCA a rapazallada na derradeira pándezga do antroido; agasállase a mocedad á tecer seus namoros co rechouchío dos primeiros xílgaros. Serán equinoicial con cheiro de campias ainda húmidas de orballos e xa ferventes de quenturas; serán festeira na que os vellos, envoltos en catro farrapos, escorrentan a friaxe dos hosos aos arrempuxóns.

Nos balcóns do Círculo de Recreación, ainda no número vintecinco da Corredóira, botan longas parrafadas os vellotes, inquedos de emocións serodias, namentres as donas se enfestan pra o baile remexendo nos arcóns labrados a búsqüeda dos derradeiros traxes de corte e ceremonia. Noia rebule, helénica e petrual, no solpor esvaido que fai tremelucir as ondas entr'os piñeiraes verdecientes da Barquiña.

Pairan os morcegos en volta da torre graniteca de San Martiño, e baten Anxelus os sinos labregos do Obre. No mosteiro de San Francisco o fraude vellido recen chegado de Herbón, ensaia no órgao o Miserere que lle mandou de Florencia o Pdre. Reñomi di Vanto pra as tebras da Paixón, e por tras das portas ben pechadas da capela das Trinitarias as freiras pregan a Deus, en salmos e salaios, por que nas outras sexan ouvidas as recomendacóns apostólicas de Pio IX.

Unha hora... duas... As mocínas puntelan na sala do Círculo pavanás e polkas, gaivotas e rigodóns, no beixa-mán fidalgo dos rances, os más deles vidos oito días denan-

tes das aulas compostelás de Varela Montes, Andrey, Teixeiro e Sánchez Freire. Todas son coñecidas, unhas pol-a sua fermosura e as outras por aquela liña inconfundible que só dan os antergos pazos da ría, orgullosos de brasóns e solainas. Eiquí está Amandora Medina axeitada de damiña francesa, tal cual aquelas que se viran nos meigos desños de Wateau, e Adeliña Riva enloitada com-unha condesa de Felipe IV, e a sua irmá Xulifa, branca e saudosa como a Ofelia de Hamlet, e tantas más, a maior parte delas a locir brillantes traxes da Terra, feitos pol-as tecedeiras do Ulla, i-entr-elas velahi unha forasteira de Porto do Son, forte e guerreira, embonetada d-astrakan i-envolta en capa branca coma a valente polaca Postowjoff, pol-a independenza da sua patria encadeada no castelo de Jetomir. Que noite, amigos! Eberilda Medina embelica á xente á cantar o rondó da *Sonnambula* posto na moda pol-a Patti, a rival temibre de Jenny Luid según os boletis, i-Elvira de Andrés Moreno, manseñiño, dí aqueles versos de Ventura Ruiz Aguilera, lidos no «Museo Universal» de vintesete de setembre de 1863,

En la fuente de agua dulce  
que hay al pie de la montaña,  
cayó una lágrima mía.....  
la fuente se ha vuelto amarga.

e ainda oxe as tradicións falan da súa voz inimitable, doce e dramática, com-a d-aque-

la Carolina Santoni qu'estremecera aos púbricos da Europa co-a *Francesca de Rimini*, e conmovera á hespñola fidalguia cortesá á *Maria Giovanna*.

Noite de 14 de febreiro de mil oitocentos sesenta e seis. Louca ledicia que estoira no ar, com-un fogo venecián, e prende nos peitos valdeiros de mágoas, e fai trenguelear as olladas n-un bruxo cizagueo pagán.

Entra na sala un fato de rapaces vestidos de Anamitas á semellanza dos embaixadores chineses que faguía pouco comprimentaran á raiña Sabel, da man do primeiro ministro marqués de Miraflores. Olla que veñen dourados coma meiodias! As naís serán satisfeitas de ollalos esí e as noivas fan roda pra velos millor. Entran calados, silenziosos, tristeiros. Un adiantase, incerto de fala e d-andar, e tatea:

— Na sala de xogo, morreu n-este intre o marqués de Monroy.

E arrepiadas, as mulleres tremen coma vorvoretas á se queimar na lus d-unha lámpada.

### II

Noite de Antroido de 1866. Despois da cea o seor marqués chega ao Círculo a xogar meio cento de onzas, sin importar da danza nin da festa. O seor marqués ven todal-as noites do ano á locir os curos que lle mandan os renteiros das suas imensas debesas extremeñas. Cando lle dá mal o naipe, perde risoño e aristocrático, com-un bó xentil-home da corte sensibre e románteca de Manon Lescaut. Cando lle alumía a sorte, estoupa á rir com-un satisfeito vinculeiro montañés de lameiros e searas á ermo, e, chiscándolle o ollo ao veciño, di:

— Os meus vellos están de boas.

Cando gañaba gardaba os cartos e, denantes de se deitar, fa ele mesmo á dar o tesouro pol-as portas dos coitados oindo com-as mullerciñas dos mariñeiros, famentas pol-a ruín colleita das dornas, sajaiaban ao velo:

— Deus o traia con ben!

E ao seor marqués parecialle qu-aquelas bendicíos resoaban na ría adiante, levadas nos foques dos bergantís, qu-en tal hora loitaban na marusia enfiando a volta de Montelouro.

Esta noite o seor marqués está de boas; xoga con moita sorte. D. Pedro de A. Curiel non acouga á comentar:

— Oxe os probes de Noia teñen gañados trinta mil reás.

E o marqués, que cando perdía perdía do seu e cando gañaba dábalo aos probes, esmigalla aos compañeiros de partida dando sempre na carta certa. Un xogador, xa valdeiro, érguese e vai á dar unha voltiña na sala; outro suprica que lle empresten catrocentos reás. Séntanse outros recontando os seus aforros, na sospeita de que han ficar eiquí: o marqués esta noite gaña sempre. Leva esborrallado á unha dícea de banqueiros e vai debullar ao que resta. Mais de súpito o seor marqués cala, esváiselle a ollada, branquexa, aperta as mans, e fica morto sobre os ouros que han sere mañan a esmola de todal-as xentes de mar. Chega correndo seu bó amigo o médeco D. Blas Agra; escóitalle no peito, pálpalle nas monecas, miralle nos ollos.... Morto!

(Oh tí, meu bó marqués, fidalgo e labrego, estrano de corpo e propio d'a alma! Ainda te estou á ollar, co teu lebreu e tua espingarda, pol-as touzas de San Lois. Véxote ainda tal cual estás no daguerreotipo do pazo, branco com-unha gaivota, na beiramar. Loado sexas tí, pai dos coitados, maorazgo da millor caste de lembranzas. Acouga na tua campa qu-eu teño de ire, romeiro pol-os catro hourizontes, á carpir miña dórr pol-a tua morte, con catro mariñeiros á rente, catro vellos mariñeiros de Noia, deses que foron á escorrentar medos ao mar do Gran Sol, e á queimarse nas ondas de Maracaibo, e á desfaguer xelos costeiros na Terranova; teño de ire con catro mariñeiros noieses que en todal-as augas do mundo deixen o teu nome no seu roncel.)

### III

A marquesa, linda com-un caravel, está no seu pazo de Compostela, ignorante de todo. Na serán ten de faguer comprimentos ao Arcebispo, e a doncela pasa o tempo en botar auga de rousas nas rendas e más en dispor o polison: hai xuntanza de donas fidalgas, chamadas pol-o metropolitán D. Miguel

García Cuesta. N'unha almofada de tisú, xa lostregan as xoias de brillantes que a marquesa locirá por aqueles salóns ecrescísticos, imponentes de luxos nos tempos de Malvar.

Chegou de Noia un amigo da casa que agora está de conversa co-a ricafemia. Traile as novas nefastas, e non topa verbas pra encomenzar. A marquesa, sinxela com-as fadas dos contos, pergúntalle polos seus probes. Quere saber de todos, un por un: da saúde de Bastian, o patrón; de coma lle vai ao Caramuña co-a nova gamela; do fillo doente da Xoquina de Lousame; do Xosé da Chainza; da vellida á quen illardeu a tenda na rúa da Axuda.

—Heilles levar moita cousa cando alá vaia.

O cabaleiro lémbrase da encomenda e prepara o diálogo.

—Vosamercé é unha santiña do ceu, e Deus halle dar moita resiliación pra todalas angueiras e pra cantas mágoas lle vifieren.

—Unha santa?

E sorri com-as Virxes do Fra Anxelico, lumiosa de purezas. Entón o cabaleiro sorri tamén: acórdase de aquela mañan en qu'a marquesa, más nena, ia pola ribeira do Curro e uns rapacíños que a viiron axoelláronse decindo uns á outros:

—Faguei o Pol-a Sinal que pasa Nosa Señora do Carme,

E a conversa desliese, com-unha tocata de crave, com-unha balada nórdica. O cabaleiro volta á se lembrar da traxedia, e tremde de dor. Dan a sua dúcea de badeladas os sinos da Berenguela, e a marquesa éncomenza:

—*Angelus Domini nuntiavit Mariæ.*

—*Et concepit de Spíritu Santi* — responde o cabaleiro.

E, á final, prega:

—Polos nosos mortos D. Eduardo. Un Pater Noster pola i-alma...

E D. Eduardo cortalle atordeado:

—Do seor marqués de Monroy, que onte morreu en Noia.

—*Pater noster qui est in celis, santifice tur nomen tuum...*

E logo rompe á chorar, desfeita en bágoas de noivado.

Onte de noite chegou a marquesa, en esmagador viaxe d-a cabalo, polos vieiteiros da Balouca e Toxos Outos; un viaxe feito sin más compañía que a de D. Eduardo e o capelán. Pasou a noite en oraciós e choros e mañeceu co-a ideia de non s'arretirar de xunto ao seu morto até deixalo na terra.

Longo foi o dia, de longas horas interminables, n-aquele pazo pechado pra todos.

A marquesa ten ditas órdres pra que ningún saiba do enterro, que s'ha faguer ás duas da mañan. N-esta hora chegan ao portón D. Blas Agra e D. Enrique, e más o crego D. Nicolás Pablo de Mera. A marquesa quere que sexa un enterro dos más probesiños, e segue na teima de acompañalo hasta o derradeiro intre. Pro fora, no campo de San Francisco, están os irmáns, os fillos, todos aqueles mariñeiros á quen D. Diego falaba con tanto agarimo, e con eles os más dos direitivos do Circulo, amigos todos. E alá vai o cortexo camiño de Santa María a Nova, rúa endiante, entr-los berros de dôr dos coitados.

—Adeus, noso pai! — Adeus, frol da fidalgia! — Adeus, sangue nobre que nos deche o teu sangue! — Adeus, infante da surrisa bunita!

O luar, limpidio, envolta en brancuras a paisaxe e sombreia nas testas espidas do pobo que negreian de inconsolos tral-o cadabre do bó noíes. Ouvea un can ao lonxe, polas sebes de Manle. Fungan, co ventiño mariñán, os alciprestes do bairro de Pontecanal, e tilintea na lonxanía un alalá a esmorecer nas revoltas de Pontenafonso:

Indo pol-o mar abaxio  
ó aire rifóume a vela;  
Nosa Señora da Creba  
díume o pano para ela.

E unha estrela núbil, fuxir do branco erotismo da lúa, acéndese de vergonhas na testemuña de tantas costelaciós.

Chegan ao sagrado. O abade bota o seu *Recorderis*, e axudado por D. Enrique e D. Blas, e a propria marquesa, deixa na cuba o corpo xiado de Don Diego María de

Varela e Abraldes, sobr-o que háse pôr unha lousa co-estas liñas.

«Aqui yace el señor Marqués»

e más nada.

Xa alumando o sol por riba dos outeiros de Cruido, o abade pónse á escrever no seu libro de defuntos a partida, consignando que o entero se fixo «no con tal ostentación de marqués, sino con la humildad del pobre, de cuya clase se componía el mayor número de acompañamiento». Papa un chocolatíño, e comenza á rebulir pr-os oficios aos qu-han vir corenta cregos da bisbarra.

O marqués era fillo de D. Vicente Carlos de Varela e Caamaño e de Dona María das Dores Abraldes e Castelo. Morreu aos cincuenta e tres anos.

## V

Pol-a rúa dos Loureiros enriba, en procura do mosteiro do Carmo, vai a marquesa de Monroy soñía, en súprica das vestes monxiles. Chove á más non chover e a cidade se mella envoltarse en néboas, nun neboeiro atránteco doce e melancónico. Pasan co-as suas banastas e gueipos as mulleriñas de

Sar despois de mercar o peixe aos sardiñeiros de Esteiro e de Portosín. É ainda cediño, e os sinos das vellas abadias chaman á misa dend-as torres de San Paio, Santa Crara, Belvís... Cabalgan nas suas bestas, xa de volta, as regateiras das aldeias veciñas, e polos arredores da Universidá troulean os estudantes á palicar co-as criadiñas que viñen do Campo da Lefña.

Entrábrese o portelo do Carme, e rosma a porteira, famenta, desfarrapada e homildosa com-o povero de Asís:

—Quén é?

—Penso que xa estarán na miña espera.

—Logo vosamercé é a seora Marquesa...?

—Non, miña irmá; son María do Carme Marifío, sin máis alcuñas.

E a linda marquesiña noiesa, fica pechada pra sempre entr-as húmidas muradellas do mosteiro más probe de Sant-Iago.

\* \* \*

Esta é a exemplar histórea que me dixerón e que eu repitovos oxe co-a fonda emoción de quen vos conta unha antiga lenda de cabaleiros e de santos d-eses qu-andan nos pergameos do mundo todo e nas irexas de todo o mundo.





# NORIÉGA VARÈLA, POETA DA MONTAÑA

CONFERENCIA PRONUNCIADA NO «CENTRO O. DE CULTURA» DO FERROL

Por AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO

SEÑORES:

Falar dun poeta eleva sempre os espíritos, inda os más faltos de sensibilidade. Un poeta é sempre un hóme senlleiro que por falta de comprensión —incultura, espírito estopento da xente— acostumamos a prexuzgar un excéntrico. Mais as excentricidades dos poetas, chegan a prender as almas, e, no decorrer dos anos, convírtense en leises vivas dos pòbos.

Por iso, ao ser invitado a dar esta conferencia, me pareceu acertado facer unha de ambulación lírica polos carreiros das posesións emotivas dun dos mellores poetas da nosa terra: António Norièga Varèla, autor de «Montañesas» e «D'o Ermo».

Ao escoller como asunto das miñas vèrbas a obra deste grande poeta galego —o través do cual sentimos toda a complexidade do problema da Terra,— e vemos con claridade os roteiros sentimentais das arélas da Raza anbamos esta conferencia ás que lle precederon pol-o que se refire ao seu significado á sua entraña ideal, sin facer por iso de Norièga un poeta político, nin siquera un poeta nazzista, pol-o estilo de Pondal e Cabanillas.

Norièga Varèla é un poetanidamente lírico, que cantou a sinxeleza do noso vivir aldeán, a humildade das florñas da urce e da braña montesia, de onde lle vén o seu nome de «poeta da montaña».

«Cantor do Ermo» e «Poeta da Montaña» son os nomes que se lle vénen dando, e sirven de presuposto pra o xucio da sua obra. Eu, fillo da montaña más esgrevia da Galiza, que levo na miña i-alma —escondida— a ascensión angustiosa d'estes alongados e severos horizontes de serras nevadas, creio-me na obrigación de examinar o contido d'estas vèrbas con qué a Norièga Varèla, sin que se teña profundizado gran cousa na sua obra, se vén calificando.

De aquí arranca a traieutória que iréi curvando en toda a conferencia. Pol o tanto, non esperedes que me pare a sopesar a lírica de Norièga, a facer apoloxías, a comparar valores, a buscar escólas. É iso unha laboura que creo noxenta nunha conferencia; tratando-se sóbor todo dun poeta que, como Norièga, pasea con xustiza e dinidade o seu nome pol-o mundo.

Eu só pretendo internar-me na obra de Norièga para buscar a sua fonte emotiva más profunda, que, á forza de tópicos, fomos tapando, dia tras dia, tomando como base lírica da sua obra, o atavío ambiental en que se desenvolva.

Para mí a lírica de Norièga ten más de sentimental que de xeórxica, na sua direitrix íntima. O ermo dos seus vèrsos —onde hai sempre un espiño, un sabugueiro, un piñeiro isolado; urces, toxos e xestas en flor, tan amigas do poeta —para mía non ten razón de suxeito —obxeto cantado— sinón de es-

ceario en que se van amosando — rubidas a un sabugueiro, encerradas nunha lágrima de orvallo — categorías de outro orden.

Máis que o Ermo, nos versos de Norièga eu atopo a saudade do Ermo. Máis que a montaña, a saudade da montaña.

Comenzarémos por percorrer a vida do poeta i-a sua formación emotiva para comprender a razón do leit-motif lírico da sua obra. Lógo analizando os conceitos absolutos do Ermo, comparándo-os co ermo dos poemas de Norièga, para ver a función que desempeña nos seus versos i-a razón en que é cantado.

\* \* \*

António Norièga Varela nacéu en Mondoñedo, ó redor do 73. Mondoñedo era — entón como agora — unha cibdade de vivir ritual, litúrxico e moinor. A noción do tempo, clara, definida, precisa, impónse alí sóbor todas as cousas, non nun sénso industrial de cibdade americana, sinón nun sénso milenarista medioévico. Cada hora que dá o relóxio da Catedral bota unha sombra sóbor toda a cibdade. Todas as cousas parecen recollerse nun minuto de Teoloxía, nun silenzo recollido de remórso; i-unha angustia infinita abre as azas enormes sobre os teitos oscuros de pizarra. Entón a i-alma da vila — fina e sensitiva — fuxe polos atallos, cara ás cumes de Labrada e de Lindin, por un lado, e pol-o outro, cara á Lorénzana i-o Valedouro. Se despois das catro ou das cinco do serán chegamos a Mondoñedo, atoparémol-o sin alma, valeiro, sin sentido.

Norièga debéu nacer n-un d'estes intres. Os seus primeiros vinte anos na vila natal non puideron engaiolar o seu espírito na preguiza devota do seu vivir. Estudante no seminario, fixo-se un bon latino, que bebéu, na mesma fonte, a i-auga nòviña de Virxilio. De Virxilio e quizaves de Horacio, herdou a noncoidanza, o amor polas cousas sinxelas da aldea, o anseio da vida anónima, sin complicacions e sin xenreiras. A i-hérba verde e mollada de rósada das ribeiras do Masma faria-lle esquecer c oa sua dozura elísica — sonno molíor — os textos de Zigliara e de Perrone, para regustar a voluptuosidade dos

amores de Corydon na égloga II do Mantuano. Non era a sutileza de Xoan Duns e Tomás de Aquino a que prendía o seu espírito. Mais que o arco trilobado do xilogismo, baixo o que fuxia a corrènte xeométrica do pensamento escolástico, gostaba d'unha foliada en Cesuras, «à luz esmorecida d'un candil vello», e d'unha incursión polas festas aldeás de Labrada e Romariz, en busca do doce froito da mocedade, doado e sinxelo.

Como é natural, deixou entón o Seminario, para peregrinar polos camiños do seu ou timismo.

Nesta data fixo-se amigo de outro bon poeta de Mondoñedo, o médico Leiras Pulpeiro, espíritu sinxelo, liberal fervoroso e romántico. E de capital importancia este dato. Non porque Leiras exercease influencia sobre a sensibilidhde do novo poeta, senón porque esta amistade nos dá a chave para descobrir o orixe do matiz da obra de Norièga Varèla.

Dous poetas en colaboración apenas si se conciben autóctonos, sóbor todo cando hai un fondo sentimental común, como neste caso. Comprendendo-o así os dous poetas, dividiron, como dous señores feudales, as pessiñas a cantar. Leiras colléu pol-o Val, cara ás bocaribeiras mariñas e Norièga torcéu para a Montaña.

D'esta maneira a obra de Norièga caracterizou-se, marcó o rumbo a seguir, non no seu fondo lírico, senón no escenario ambiental en que se había desenrolar, e que foi — como tantas veces pasa en todos os órdes — o que había de fixar — non destacar — a personalidade de Norièga, inda que estivese tan lonxe, como dirímos, de constituir a categoría substancial da sua lírica.

Os poucos anos de salir do Seminario, foi de mestre para Foz. Xa conocía entón os camiños emotivos das cumes, e non se esquecería máis da paisaxe que levaba na i-alma.

Frénte ó mar bravo do Cantábrico que opón ramalazos salgados de raiba á moéca ciclópea da costa granítica que lle amosa os seus dentes arregañados, foi-se afirmando a sua saudade montañesa. Manda ás labercas montesñas, perseguidas das gueivotas mariñas, que óllan as azules montañas. I-él

mésimo as olla. E non tarda en embreñar-se n-elas aló en Calvos de Randín, en Ourense, lógo en Trasalba, para vir despóis, fai seis ou sete anos, tomar posesión do mesmo corazón da montaña, no norte de Lugo, nunha parroquia outa e clara, con un nome sinxelo e piadoso de letania: Santa María Madanela da Graña de Vitarente, —da que tamén se acaba de marchar, creio que non para findar o seu desposorio lírico coas cumes, aos vizosos vales de Chavín.

Todo esto foi, ó meu ver, o que encarou a lírica de Noriega polos atallos beireados de xestas e toxos das cumes de Mondoñedo, non polos carreiros isolados e lontanos da outa meseta de Lugo. O espírito do poeta, encerrado no mesquino horizonte en que o acabamos de situar, tiña que escoller ese camiño para dar saída ás ansias de orixinalidade que non podía menos de sentir. Mais para a efectividade de esta tentativa, que vemos realizada na verdade montañesa dos seus poemas — perfeito enmarcamento da sua lírica no esceario das cumes labrégas — temos que ter en conta outros dous factores substanciais: as preferencias do seu espírito pol-a sinxeleza i-a humildade das cousas — eixe esencial da sua poesía — i-a educación clásica que recibiu no Seminario e refinou aquellas preferencias naturaes que, pol-o seu lado, a facian a ela algo vivo, non valeira zaramallada retórica.

De aquí é doadoo comprender que, pouco a pouco iría criando o poeta — que saberia de cón a óda «Beatus ille...» — un marcado gusto polas cousas sinxelas e rudas que o fino espíritu levou a buscar nas nosas aldeas de costumes primitivas i antérugas.

Non vamos a esculcar mais na vida do poeta. Quizaves nos fose perjudicial. O poeta é a sua obra. E se á sua obra non é o poeta, non será rón.

Conocida é, por outra parre, a época en que él saliu polos rueiros da nosa poesía, para que teñamos necesidade de falar de Rosalia, de Alfredo Losada, de Valentín Lamas Carvajal. Non se precisa. A obra de Noriega no que tén de más nídio, hai que compensal-a en sí, fóra de toda relación — literaria sóbor todo — en canto a sua substancia emotiva.

## NÓS

Por iso, frente a el, sin levar no espírito fondos de leituras estranhas, é como debemos conquerir a base lírica da sua poesía, i-a función que n-ela desempeña o ermo.

\* \* \*

O ermo pôde pensar-se en duas direcóns: en profundidade i-en outura. De ahí que podamos facernos dous conceptos do ermo: un cosmoxenio i-o outro metafísico.

O primeiro daria lugar a unha poesía de orixes como a de Hesiodo, a de Lucrécio, a de Pondal e Teixeira de Pascoaes. O ermo, entón, poboase de mitos, que lle dan un vivir oscuro, remoto i-olímpico. Unha ternura infinda amoléce o corazón, queimado de pasións dos penedos erosivos, i-un remorso de pecado orixinal arrasta os cantos rodados por todos os vieiros: Nas erosións seculares das montañas graníticas, aparece —daquela — a historia épica do xénesis, a noite primitiva. Todo un mundo de soños paira sóbor das augas do segundo dia xenésico, e baila nos trémolos de órgao do viento.

O concepto metafísico, en tróques, dá lugar á poesía ascética do ensimismamento e do silencio interior. O ermo, n-este caso, é a anxelización do home, no sentido dos gnósticos. O asceta, secando as fontes dos ólios e da carne, adquire a verdadeira gnosis. Redime a lúus da sua i-alma polos tres sellos —oris, manus e sinus— de que nos fala o «Ertenki Mani». Poemas ascéticos nídis, neste sentido, deberon ser os de Bardesanes e Harmonio, os dos Euchitas e Mesalianos de Panfilo e Licaònica. N-un grao menor, son tamén, ás veces, poetas do Ermo San Atanasio, o Nazianzeno, Tertuliano e San Xerónimo.

Esta poesía xunta ó estoicismo de Zenon de Citium —cerebralista — a misticidade de Kapila e Patandjali —sentimentalistas.

E a flor más nídia do gnosticismo, que, como sabemos, no que tén de más caraterístico, era unha mistura de parsismo e filosofía. Os mismos neoplatónicos sentiron no século III o ulido d'esta flor, que, contra o que á miúdo se pensa, tén menos de cristianismo que de buda ou brahámica.

Agora ben. ¿Cal d'estes dous conceptos

encarna a obra de Norièga? Eu creio que non encarna ningún con plenitude. Tén algo do segundo, tendo fóra de ambos o céntrico de gravedade lírico, profundo e máis sentido.

Para que mellor poidamos darnos conta, botémos unha óllada esquemática ó máis saínte da sua obra, para ver hasta que punto se realizan ou non realizan nela os concéptos que enuméramos.

\* \* \*

Norièga rube a Montaña, como Meser Francisco de Asís rube ao monte Auvérnia, para falar cos paxariños e coas hérbas, para beber a i-auga nòvicia das fontes, que fixo nacer ó pé da sua ermida unha santiña milagreira, patrona de pastores e labregos.

O Poeta vai á Montaña para valeirar o seu espírito florido encól da braña montesía, para facer florecer os cardos resequidos, para colmar de óleo os faroliños dos cruceiros, para acender unha estrela en cada espíña. Porque él é a ternura, o franciscanismo que se complace en mimar a dórra dos simples, dos esquecidos, dos débiles. Coma o Poverello, di que a Pobreza —a pobreza de todas as cousas— é «irmansía da sua sangre», acordando na miña memória outro poemita encantador de Jacoponi da Todi.

E esto non é panteísmo, como algúns xá dixeron. Norièga non ama as cousas por unha razón metafísica de idéntidade das mésmas i-o seu pensamento, coma un discípulo de Scheling ou Hegel, nin siquera porque as cría animadas dun espírito divino que as identifique, como Xenófanes. El ama as cousas por aquela razón de conciencia que a todas as fai distintas e boas, humildes, lédas, sinxelas, e póbresas.

A divisa da Galiza, según él, non é o fociño céltigo dos druidas, senón unha cruz sinxeliña. Porque a Galiza que él soña, é como él é: «dun natural piadoso, que inda pisar un vérme lle repuna.»

A brétema que envolve tantas veces a meiguice ruda das cousas nos seus versos, é unha cèguia, que sube pouco a pouco, polos carreiros beireados de urces e de toxos, que lle arrincan lágrimas de dórra. A piedade do poeta léva-o, entón, a traguerlle nas mans

unha raioliña de sol, que faga das suas báguas unha lèdicia de xoiéria. I-é que o poeta léva no seu corazón a lèdicia visionaria dos santos, e quer que todo esteña alégre e lèdo por onde pasa. Por iso lle manda á abrula que alégre co a sua risa xocunda i-apasoadada a soedade dos longos carreiros das serras.

As suas ilusións saben dos carreiros brañegos, entre espíñas orvalladas. Sabe das noites de luar, cando as estrelas se vénen lavar ás pucharquiñas erosivas dos penedos, e das noites pechás de invérno, en que a xistra degresa as mans dos picariños que voltan co gado do monte, pra os que pide a Virxe, —que, aló a deshora, está cantando na sua ermida para adormecer o seu Meniño,— a alegria do lume bailando na lareira, a alegria parva e sinxela das fogueiras de San Xoán.

I-é que él é un rapaciño máis. Discurre como un rapaz, e non lle pesa. Un vermiño de luz é pra él unha lèdicia íntima máis grande que o achádego d'un diamante.

Mais a Montaña —ao ir-se borrando á tarde de todos istos feitizos pequeniños— sente fondas saudades. Isóla-se. Reconcentra-se, adequirindo a grandeza eremítica que praza aos anacoretas. I esto agrima-o como a un meniño. E faille pedir ao sol —cheio de angustia infantil— unha raioliña, a derradeira, «pra que se rian os montes —e se alégren os penedos.

A sua i-alma de picariño sofre cando pasan os vientos, trotando como caballos de Asia, nos seráns de Marzo, esmagando os ramallifios nòvos i-as herviñas cheias de báguas de rósada, en que nin siquera reparan.

A montaña, como substancia en si, é algo duro, medonento, que él non se atreve a pedir nida, tal como no seu concepto a aprendemos. Tén que térra ó menos urzes, i-un pinheirinho ó menos, que él enfeitará de lúa e de nexe.

Lúa e nexe son a obsesión dos nenos. Ver cair devágríño as folérxas —que son de prata— sentir no seu cuarto as pisadas silenciosas da lúa, que anda ás apalpadas, tropezando na sombra das cousas.

A lúa de Norièga manda-a saír Nosa Señora, para que non se peguen as estrelas cos vagalumes. E nos brazos da lúa, por fin,

deita a dormir o poeta a sua montaña labrèga e campesia.

\* \* \*

Éste é o resumo da obra viva de Norièga, que caracteriza i-enmarca a sua figura no que tén de mais fino.

Póstos n-esta outura media de onde vemos, por un lado, o desenrollo da sensibilidade lírica do poeta, e, por outro, a realización da sua obra, será-nos doado fixar a posición da Montaña nos versos de Norièga, dados os concéptos eremíticos eispostos.

Dende aquí podemos ver que a obra de Norièga está enmarcada na cume labrèga, viva, toda sénso, non no ermo isolado e silencioso que aman os eremitas porque o seu pensamento repousa fóra do mundo, e queren mantel-o en quietude, lonxe das festiñas mimosas da Natureza.

Ningún dos concéptos que do ermo nos formamos é o que percorremos polos vieiros dos seus versos, perfumados de flores mariñas dos toxales, onde as arañas tècen as suas redes para cazar estrelas de orballo onde baila o sol noviño de S. Xuán.

A montaña de Norièga —aparte que non é cantada en razón de si, senón en razón d'un algo humilde sinxelo e lèdo que él atopa nas cousas das cumes labrègas de Mondoñedo, como puidera atopal-o nun mencer de sol escéntilante nas inmènsas pranuras de herba verde da Hungria, o que, por riba de todo, fai que a sua obra careza dessa entraña eremítica que se lle vén atribuindo— está limitada en outura, en latitude i-en profundidade, o que non r'esta nada, con todo — xa non fai falla decit-o — o seu mérito de poeta, xa que o seu reino lírico en si é ilimitado.

Na outa meseta lucense; sóliña, austera, eremítica, non se acán os versos de Norièga. Eu situaria a sua montaña entre Lindín, Cavedo e Montouto. Por estas parròquias que anainan no seu cólo — brando de brétemas — a cibdade enfermiña de Mondoñedo, maxino eu o poeta. Sería no mes de San Xoán en Romariz. Por un carreiro escondido por mestas xesteiras en flor, pasaría para as fests do Patrón, de parraficio cun fato de carpazóns xarèlas. Tampouco faltaría do San Pedro de Armengoso, nin do Santiago do

## NÓS

Lindín. Pois xa dixémos que a alegria de Norièga é alegria de rapaz con traxe endomingado e zapatos novos, que anda a correr tras das varas dos foguetes.

Esta montaña que ollou de mozo, foi proiectando na fonteira clara da sua poesía a sombra dos cruceiros dos camiños, dos toxales, das xesteiras en flor; das bideiras brancas cubertas de neve, que lle lembran o avatar das hiades fuxitivas da mitoloxia clásica.

Mais esta concepción de Montaña, cheia de vida, rechoucheante de niños e seivas novas, onde a roscira de Ovidio e de Catulo abre as suas rósas, roxas i-apaxioadas, co-a inxénua naturalidade que pedía o desterrado do Ponto Eúxino, está moi lonxe do concepço de montaña fragosa, de vida profunda e interior, con erosíos seculares na sua pele, como versos ciclópeos das edades remotas do caos orixinario. I-está moi lonxe do ermo isolado do eremita, que él lembra, con todo, algunas veces —xa dixémos que o seu ermo era saudade de ermo— e que só atravesa un córvo milagreiro, con un pan no pico para o estilita anxélizado.

O ermo dos anacoretas, dentro e fora do Cristianismo, — suma simplicidade de formas, silencio, soledade, horizontes infinitos— é unha saudade de eternidade. A montaña de Norièga — sinxeleza de formas, sombras pequeninas rubindo por carreirinhos outos, costentos de perfección— é unha saudade de ermo.

O ermo preséntase-nos como unha plenitude de total, ou, mellor ainda, como unha totalidade plena. Os versos de Noriega, en tróques, non logran nunca dar-nos iste senso de totalidade de montaña. Porque non pode ser, dado o segundo lugar que na escada das categorías líricas do poeta ocupa a Montaña, como agora veremos.

Pois do análise espectral que dos seus poemas fixémos, aparece claramente que a categoría substancial — resorte lírico — da sua obra é a *humildade sinxela e lèda*, non a *Montaña en si*. El canta, como dí nun poema,

«o que é pequerrechichiño  
[miña xoya],  
e non ten pai nin padriño  
nin alma que d'el se doya.»

Canta o musgo porque  
é humilde  
da índole do meu estro.\*

De modo que inda que cantara o ermo mais esgrevio, non sería poeta do ermo, porque o non cantaba en razón de seu ser, senón en razón de algo alleo, sin relación substancial ningunha.

Noriega, pois, é «poeta da Humanidade», «Cantor franciscán» nun senso de plenitude perfecto. Só nun senso transposto lle poderíamos chamar «Poeta da Montaña», Cantor do Ermo.

Noriega Varela cantou as cumes labregas de Mondoñedo; é o poeta das froles do toxo e das xéstas, o lírico da urze e da abedoeira.

Máis debemos ter en conta que todo esto resulta algo simbólico na teoria emotiva de Noriega, cantado — quizáves sin clara concencia do poeta — non en razón de si, senón en razón de algo incoercible, que constituye o fondo lírico do poeta, i-é, como tantas veces repetimos, a *humildade sínxela das cousas, a inxenuidade dos seres imbèles e pobres*.

Este senso de humildade, de inxenuidade leda, de franciscanismo, eu creio que é o que gostamos, por riba de todo, no lirismo deste gran poeta que é Antonio Noriega Varela.

Teño dito.

Ferrol, San Martiño de 1932.

## D A A L E M A Ñ A

### V. MIUDEZAS DE BERLÍN

POR VICENTE RISCO

(Proseguimento)

Convén coller por Leipzigerstr, unha das mais lindas, ond'hai tendas mais elegantes, e por ond'anda millor gente, a jusgar pol a feitura e pol-a vestimenta. Logo, torcer á esquerda pol-a Friedrichstr., chea niste pedazo, de bancos, almacés e comercio mais de batalla. E por ali, chegar á Unter den Linden.

Outro cantar son as ruas do vello Berlín. Coñezo ben dende Kupfergraben deica Alexander Platz. Alexander Platz, novela de Döblin, leenda de baixos fondos, de vicio e de comunismo. Pra un lado está o Mercado Central. Arredor, pol-as ruas aquelas, Nene Friedrichstr. etc., deica Klosterstr., cargan e descargan á mañá centos de cameós automóveis e de caballos, antigos carros alemás, feitos de fortes traves, e carros de todolos feitos e de todalas sortes. Namentres agardan, cada pareja de cabalos ten pendurada dos pescozos unha caixa longa de madeira, de cù estreito, chea de palla trizada, na que

teñen afundidos os fuciños e na qu'están moendo tod'o tempo cos seus dentes enormes.

Nesta parte toda, o esterco de cabalo acúgulase en proporcións pantásticas: moreas imensas qu'os barrendeiros recollen con angazo. Iste esterco non é com'o que nós coñecemos, disposto en pelotas arredondadas; é esmigallado e seco, craro, marelo, todo palla. Estas bestas nono moldean no intestino, senón qu'o botan desfeito, pastoso, pociente. Semella que de tanta palla trizada coma rillan, bótana igual qu'a comen, de xeito que non sei coma poden estar tan gordos; coma non seña que teñan un aparello digestivo perfeizado qu'a estila. O esterco forma montes, e co-a chuva, pasta. O certo é qu'ás mañás, aquello é unha maré de esterco que, ao barrelo, deixa regueiros no asfalto, arrentes das aceras, aplastado, esmagado contra o chao pol-o tripitar dos pés. Á tarde, já todo volve a estar limpio.

As ruas estas todas d'esta parte son estreitas, con aceras pequenas e casas moi outas do século XIX, do tipo das cidades do Norte, grandes, escuras, enmourecidas, con poeira nas repisas e grandes letreiros que collen o frente todo. Nos baixos hai almacés e oficinas de comercio. Non anda longe a antigua Bolsa, e pasan homes atafegados, c'un cartífol negro baixo do brazo. Hai rúas que levan nomes eclesiásticos e religiosos: rúa do Claustro, rúa do Bispo, rúa do Espírito



Berlinés

Santo. Na Königstr. está o edifizo imponente e ojivalizante do Rathaus. Preto d'ali, ao pasal-o rio, hai un vello muíño que dá nome á unha rúa. Por atrás vai un camiño estrano e misterioso, qu'atravesa portas, páteos e pontes de ferro, un d'ises recantos vellos e cáxeque románticos que s'esconden ás veces nas grandes vilas.

Ao N. da illa, indo pol-a ponte e rúa de Monbijou — nome que com'os de Bellevue, Belle Alliance, etc., lembran o francesismo do tempo do Gran Federico — atopa un

## NÓS

outras rúas vellas semellantes, pero más craras, co pazo e parque de Monbijou, o Circo, e unha chea de clínicas, sanatorios, hospitais, que rematan pol-o Oeste na Chárité, e pol-o Norte no Nordhafen.

E quedánnos as rúas d'áló embaixo, dende Hallesches Tordeica Oranien Platz e por ali, d'un aspeuto todo diferente, e as do barrio de Neukölln, que ten imensas tendas e almacés com'os da Ponte Mayor d'Ourense e de certos barrios de Vigo, quero dicir, do mesmo estilo e do mesmo cheiro de suburbio.

Voltos á parte ouidental, compre que fale por forza d'algúnhas rúas modernas e fermosas; Emserstr. ten o engado d'estar unha parte d'ela grande sen edificar, e marchar pol-o tanto dereitña por antre hortas e jardis; deliciosa pra andala todolos domingos á mañá, ao surtir da misa na Lüdevigkirche, pra me ir juntar aos amigos en Gieselerstr., Pommerschestr. toda con casas de novo estilo, moi asisado e comprensible, co-as suas portiñas baixas e ruralizantes e os seus parterres de ferraya diante; rúa silandeira e saudosa, chea de fresca sombra. Barstr., toda de fermosos hoteles estilo alemán, cada un co seu jardincín.

Pra que falar máis d'isto? Hai tantas rúas e tantas das que lle fica á unha lembranza, un detalle, unha observación feita, unha curiosidade calquera, unha sorpresa, unha carakterística, anque non seña máis que de monotonia ou d'aborrecimento!

## GENTE QUE PASA POL-AS RÚAS

O Señor outo, cadrado, de anteollos de cristais sen aro presos por un belisco no nariz, d'entreccello encollido, bigotillo de mosca, cabelo ao zero, en mangas de camisa, pantalóns grises craros, bastón na mán.

O Señor igualiño qu'o devandito, somentes que con anteollos de cuncha (celuloide ou pasta).

O Señor igualiño qu'os dous anteriores, somentes que sen anteollos.

O Señor igualiño que calquera dos tres, somentes que leva a chaqueta no brazo.

O Señor igualiño que calquera dos catro, somentes que non leva bastón, ou que fuma, ou que non fuma, ou que fuma charuto, ou pito, ou en cachimba.

O Señor que non varia de calquera dos outros máis qu'en levar a chaqueta posta.

Poden ser d'iste xeito a carta parte dos señores que pasan pol-as rúas de Berlin.



Filio d'Israel

Dos que levan a chaqueta posta — estamos falando do vrah, e d'un vrah de moita calor — hainos que son vellos. N iste caso, pode ser qu'a sua roupa seña escura, e ainda pode ser que levan o chapeu pendurado d'un ferrín prendido no chaleque, se é qu'o levan, e ainda poidera ser qu'o levaran posto.

As outras tres partes dos señores que pasan pol-a rúa, levan a *mappe*, o cártifol, debaixo do brazo ou collido pol-a anga. Metá d'iles leva na *mappe* a merenda; a outra metá, libros ou papeis ou instrumentos, asegún o seu oficio.

O Señor que pertencendo á calquera das castes anteriores, leva calzós curtos d'ises que chaman de golf e meias escocesas, e que se pode contar aproximativamente n'unha terceira parte ou máis dos que pasan.

De todolos ditos, os que teñen menos de setenta anos, andan moi dereitos, moi espaldados, pisan forte e abalan os brazos, que levan afastados do corpo, sacando os cóbados cara afora e cara adiante, e o peito car'arriba.

O Señor elegante, de cabelo longo, moi

planchadiño e brillante, fatelo escuro ben cortado, e non de tenda de roupas feitas, nen de pano teso e mal cosido, com'os outros, ás veces con pantalón craro e luvas craras na man, ás veces con botis brancos, bastón, s'o leva, de boa cana, e se cadra con puño d'outra materia; moitas veces, con chapeu.

O Señor de tipo fino, raro nas rúas de Berlin, se é novo, ou moi loiro e sonrosado, anque finamente, com'unha doncela, dend'o punto leve á coor de lume delicadamente posta, ou moreno, en cuio caso pode ser tamén páleido; se é vello, moi branco e moi arreudiño, c'unhas máns fracas e nudosas e cabelos de prata.

O Señor exótico, chino, japonés, indo, turco, case sempre de gafas, case sempre d'escuro, case sempre sorrido, case sempre camiñando de vagar.

O home vestido de kaki, con calzón curto e bandas ou polainas, de cote mozo, coa



Berlinesa

face queimada do sol e cabelo rizoso e alporizado. Ás veces leva camisa de franelha con algibeiras. Ás veces vai en bicicleta. Ás veces, na bicicleta leva unha bandeirinha comunista. Ás veces leva as mangas refucidas.

O home vestido de mahón azul, s'é novo, todo rasurado, s'é vello, con bigote longo. Leva na testa unha gorra de plato azul ou negra, con bisera de pano ou de til, ou unha



Berlinesa

gorra de bisera ingresa, ou, ás veces unha boina bilbaina.

O home c'un vestido vello e gorra de calquera das castes devanditas, ou chapeu tan vello com'o vestido.

#### Os outros homes.

A rapaza en pelo, de cabelo curto, loiro, brazos ao len, vestido sen mangas, curto, de saya lisa, de saya plisada, de saya con volantes, pernas ao ar, calcetis baixíños refucidos, e na man a *mappe*, collida pol-a anga, ou unha mala pequerrecha, da coor do coiro escuro, ou craro, ou azul, ou bermello, ou d'outra coor, que camifia apresa, abalando os brazos, con marcha militar.

A rapaza do mesmo feito qu'o specimen anterior, somentes que con boina bilbaina escura, ou branca, ou azul, ou rosa, ou verde, ou bermella, ou laranja, ou marela, ou feita de calceta en calquera d'esas coores, e posta d'esguello e pra trás.

A rapaza, de calquera dos dous tipos, mais que leva anteollos de cuncha (celuloide ou pasta) ou montados ao ar, e coa *mappe* debaixo do brazo.

Das rapazas sen *mappe* nen maletín, que non son moitas, hainas do mesmo tipo qu'as citadas, e hainas que levan chapeu. O chapeu, ou é pequeno acampanado, ou é unha gran pamela de tecido sutil. Moitas d'elas levan unha pelerina caindo por atrás que

#### NÓS

fai parte do vestido e que non lle fai gracia ningunha. As que non levan pelerina, levan todas un laziño estreito da mesma tela do vestido, c'unhas caidas longas por atrás, prendido n-un hombreiro, ou no meio do espaldar. Hainas mais refinadas que levan á un tempo pelerina e laziño. Esta caste d'adubios débenlle cair tan en gracia ás berlinesas, qu'aposto calquera cousa que non hai unha que non teña pol-o menos un vestido co-istes aditamentos.

Outra sorte de vestidos d'estesa usanza son ises vestidos de tecido transparente, estampado con imensas frotes en fondo negro, e con moitos pingos e picos no fondo da saya longa, e que levan c'unha gran pamela que vai avalando ao andar. É o vestido que se puña Fran Tornegg pra ir ao Zoo ouvir á *Kappelle weunderbar*.

A rapaza elegante, con vestido xastre e chapeu, qu'a noite leva unha pelica arredor dos hombreiros.

A rapaza elegante vestida d'outro geito.

Ora: que son estas rapazas que van pol-a rúa? Señoritas? Artesanas? Obreiras? Empre-



Berlinesa

gadas? Estudantas? Criadas de servir? Beatas? Mulleres da vida? Ricas? Probes?

O que é maravilloso son as vellas. Vellas tan vellas coma estas, nonas hai no mundo, Vellas tan fachosas, non hay quen as atope. Vellas tan feas non hai quen as conciba.

Os chapeus das vellas son de feitos variados e inconcebíbeles. Hainos que semellan chisteiras, hainos que semellan os chacos dos schupos, hainos que semellan birretes doutorais, hainos que semellan cestos de froles, hai capotas, navios, tiaras persas,



Vella de Berlin

turbantes, tricornios, diademas, gorros de mandarin chino, ou do tempo de Carlos IX de Francia, monteiras, calañeses, todo o habido e por haber.

As manteletas das vellas son da más prodigiosa e barroca fantasia, adornadas con plisados, con flecos, con encaixes, con volantes, con pasamaneirias, con apricacions, con calados, con lazadas, con caidas ou con todo á un tempo.

Os vestidos das vellas son un curso completo d'historia do traxe, no século XIX.

As vellas ostentan moi fouchas e poseidas do rol a suntuosidade dos seus farrapos históricos. Resequidas, encurtidas, alcanforadas, andan por antr'a gente coma se tal couxa, sen pasmárense de nada, sen faceren de nada espavento. Elas siguen co-a sua. O que pensarán d'esto todo pra contra si, calquera o sabe; mais elas así á vista, semellan adaptadas.

Hai vellas que levan bastón, o qual dalles unha respeitosidade especial. Hainas que se sentan no café e fuman com'as mozas. Hainas que leen os jornais co intrés angurioso de s'agarraren á vida que se lles vai.

E cand'esa geración acabe, quen vai levar ises chapeus e esas manteletas?

#### CADELOS

Dín que Berlin ten 4.500.000 habitadores; outros dín que son 5.000.000. Refírense as

pessoas. Dos cás, é ben seguro que a estadística ha estar publicada nalgures; os alemañs non poden vivir sen saberen estas cousas. A min non me gusta sabelas, e polo tanto, non precurei o censo dos cás. Así, ao bulto, coido que hai ainda máis que persoas.

En case todal-as casas ond'entrei, víndadelos. Ouvín falar de varios casos de mordedelas. Pasando por diante de moitas fincas e hoteis, víndito escrito nas cancelas: *\*Vorsicht! Biessende Hunde!\**: Atención! cás que morden!. Un serán, andábamos o Canedo, o Artís e más eu paseando n'unha barca polo Lietzensee; dando voltas e más voltas, n'unha d'elas, fumos tocar no fondo dun lameiro dunha finca particular, ou couxa así. Súpetamente, xárden non sei d'onde dous cás ferozes que se botan berrando cara nós, tan asañados, qu'eu já os víndi dentro da barca. Pegamos nos remos, e dando co-iles na terra, puxamol-a barca pra o meio do lago, e librámmonos por un tris. Cos cás de Berlin non hai bromas.

Caro qu'están sujeitos á minuciosa reglamentación. En case todol-os parques hai letreiros que dín: *\*Hunde an der Leine zu führen\**: levar os cás co-a cadea. Mais os



Vella de Berlin

alemañs, tan ouservadores dos preceitos emanados da autoridade, obedecerán noutras cousas, qu'o qu'é n-esta, coma poidan fan que non saben. Nalgures, o letrirío era más termiñante:

*\*Hunde sind an der Leine zu führen  
(§ 80 Ziffer 7 der Polizeiverordnung vom*

15-1-29. *Magistrat Berlin Bezirksamt Zehlendorf*. (Os cás han ser levados pol-a cadea. Párrafo 80 núm. 7 da Ordeanza de policia de 15 de Xaneiro do 29. O Magistrado de Berlin da oficina do barrio de Zehlendorf).

Nin por esas. Os berlineses, cando nonos ven, ceiban os cás e fanse os distraídos.

Contáronme á míñ que unha vez fixérón un inquérito nos estudantes estrangeiros á ver qu'era o que pensaban d'Alemaña. Un estudiante indio respondéu: É un país en que se lle quer moito aos animais e pouco ás



Mayoral Berlínés

pessoas\*. Isto esplica o qu'acontez cos cadeos. Mímanos, acaléntanos, aloumiñanos, trátanos a corpo de rei.

Hai en Berlin unha hora carakterística, que é a hora d'antre lusco e fusco. É a hora de sacaren os cás á mexar. Todas as rúas, principalmente aquelas más despexadas, ond'hai jardís ou parque, onde pasan menos autos, que son más tranquilas, énchense de cás acompañados polos seus donos, ou polos fillos dos seus donos, ou polas criadas dos seus donos. Uns van ceibes, outros lévanos *an der Leine*; mais outros moitos, sobre todo cando son pequerrechos, lévanos no colo. Non se verá un home c'un neno no colo, mais c'un cadeliño si que se vé. Ao mellor pasa un señor moi serio e respeitoso,

## NÓS

as veces vai falando c'un amigo, e leva o seu canciño no colo moi collido. Se cadra leva dedicante nenos pequenos que van pol-o seu pé; a quen leva nos brazos é ao cán.

Os que resultan más paveros co cadeliño no colo, son os señores que teñen cara de mal genio, ou de malas pulgas, ou de poucos amigos, e que son abondosos en Berlin. É qu'os homes más tremendos teñen ao mellor por adentro un curazón de manteiga.

E se cadra, aló dend'a J. J. Rousseau Insel do Tiergarten, venles unha beinzón invisíbele.

## CARROS

Polas rúas de Berlin anda moito carro puxado por cabalos enormes de patas gordas, case sempre pedreses, cabalos de tiro pesado da Mitteleuropa, qu'outrora se cadra levaron no lombo aos paladís cobertos de ferro.

O carro clásico compõe d'unha armación de grosas trabes e pontós que descansa nos grosos e pesados jogos das rodas, e no que, con ladrarios de quitar e poñer feitos d'espesas taboas, arman un caixón de cù apretado, querse decir, estreito abajo e abrindo cara enriba, no feitio d'unha artesa d'amasar, anque más eisagerado, feitio caraterístico non somentes dos carros, senón dos caixós dos cestos e d'outras moitas cousas. Ás veces, os pontós dos lados que fan d'estadullos onde apoian os ladrarios, van asegurados c'uns esteos que van do cabo superior ao cubo da roda.

Os cameós teñen o feitio dos carros medievais de catro rodas: levan por enriba un armadillo pra botar un toldo, que é singelamente unha peza grande de tecido, ou levan un pé por adiante e outro por trás, ajuntados por unha barra horizontal riba da que botan a tea facendo com'unha tenda de campaña.

Hai outros enormes e todos pechados que semellan unha casa andando.

Hai carros de man, especialmente nas estaciós, que son unhas angarelas longas de pau e ferro, montadas nun par de rodas.

Hai logo toda caste d'automóveles, autobuses d'un e dous andares, carros eléctricos,

e carriños que son un caixón montado nun triciclo.

#### TENDAS

Hai rúas sen tendas (Emserstrasse, Pommerschensteasse); mais n-outras, en cada casa unha tenda, ou tres ou catro, ou máis. Letreiros en pedra, mármore, madeira, cristal, louza, azulejos, metais, predominando os en branco ou dourado ou coor en fondo negro, en latino, en gótico, en cursivo alemán, en cursivo latino, en latino moderno de tipo alemán, en rabínico, etc.

Indo da miña casa pr'a casa do Tobío e o Canedo, (Kurfürstendamm, Brandenburgischerstrasse, Hohenzollerndamm, Gieselerstrasse) atopo, por eixempro:

Saisons Ausverkauf; Zahnrat; Keramisches Laboratorium; Rechtsanwalt; Bardinet Konditorei; Colonial Waren, Feine Fleischwaren, Bols, Liköre, Delikatessen; Sarotti Schokolade; Buchhandlung-Leihbibliothek; Drogerie-Parfümerie; Dresdner Bank; Palm Zigarren; Cryso Perlen; Pensou; Tea room (Tee Raum); Generalvertretung Kinematographic Schatzow; Farbenindustrie Aktiengesellschaft; Adan, Das Spanische Oliven Oel; Detektiv Siebert; Pelzmoden; Umzüge Intern Speditions-Bureau; Die Sturm; Res-

taurant zum Tucher, Tucher Bier, Nürnberg; Bavaria Bräu Stübl; Boeckl-Handschuhe; Wuczik Schokoladen; Hanarilla Zigarren; Blumen Paatsch; Uhren, Goldwaren; Hohensonne Damen Friseur, Wagenführ; Karlsbader Fein Blickerei; Conditorei Café; Der Herren Salon (Rasieren); Cigarren; Schultheiss Patzenhofer; Schumacherei; Installationsgesellschaft; Weiss und Wollwaren; Schnell Abschmier Dienst; Leder und Pelz; Wild, Fische, Geflügel; Gross Wascherei, Fein Plättgerei; Meierei; Installations Büro; Milch, Sahne, Obst und Süßfrüchte Handlung; Eier, Butter, Käse - Gebruder Groh; Wascherei; Kleider, Kostüme, Mäntel; Spezielle Seifen; Schokoladen, Pralinen, Kakao; Färbeu, Reinigen, Reparaturen; Wiener Boheme Verlag; Räucherwaren; Verbandstoffe, Seifen, Drogerei; Eis, Konditorei; Schumacherei Reparatur Werkstatt Wäsche nach Gewicht; Gas Wasser und Elektrische Anlagen; Eisenwaren Hans und Kuchengeräte; Balletschule; Tesma Cigaretten; Bier Quelle; Blumen; Elegante Damen und Herrenmode nach Mass; Garantiert reine Natur Butter; Installations für Gas, Wasser, Heizung Anlage; Dr. Heim, Arzt für innere und Kinderkrankheiten; Kaffee Import Gross Rösterei; etc.

(Continuará)

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS VIDA UNIVERSITARIA

### CURSIÑO DE LITERATURA GALEGA pol-o profesor Filgueira Valverde.

**O**RGANIZADO pol-o «Instituto de Estudios Regionales» que ten vida dentro da Universidade, celebrouse no mes pasado, nunha aula da Facultade de Letras, un cursiño de quince leídos encol de Literatura da nosa terra á cargo do profesor Filgueira Valverde. Baixo os amrios títulos de: «Lírica Medieval», «Prosa medieval galega», «A decadencia» e «O Rexurdimento», estudou o distinto autor de «Os nenos», con grande acopio de erudición i-en forma maxistral e amena, dende o lirismo galego primitivo, pasando polos cancioeiros e as distintas visitas das letras galegas, deixa a literatura dos nosos días. Analizou e fixo críticas

novas e orixinais respecto das principais figuras literarias galegas, sinalizando a sua influencia no rexurdimento actual.

As conferencias, que se viron amenizadas por unha grande cantidade de público de todalas classes sociás, aneiosa e preocupada polas cousas nosas, foron un novo éxito no presente decorrer polos propios vicios do primeiro Centro de Cultura da nosa terra.

### CONFERENCIAS de Sergio de Sousa

**O** ilustre ensaista luso atópase desde o mes de Xaneiro na nosa Universidade, invitado pola Facultade de Letras, pra dar un ciclo de disertacions encol da Literatura do seu país. O profesor Sousa, unha das per-

soalidades más destacadas da intelectualidade portuguesa, realiza nas suas leccións unha laboura marcadamente crítica, lendo anacos dos principais literatos do pobo irmán analizando despois as características esenciais e distintivas de cada un. Sobreseñaron deica agora os estudos que ten feito da persoalidade de Antero de Quental, Eça de Queiroz e Castello Branco.

Sergio de Sousa seguirá antre nós deica o remate do curso e agardamos do seu recoñecido valer orientacións novas e documentadas na amenidade das suas charlas, reveladoras da riqueza literaria e espiritual do portugués

#### EXPOSICION DE ARTE GALEGO

**T**ÉIMASE facer, por artistas novos, de acordo co decano da Facultad de Filosofía e Letras, unha exposición periódica de arte galego.

#### NÓS

go, n'unha aula da devandita Facultade, habilitada pra tal feito. A inauguración coincidirá con unha charla científica encol do arte á cárrego d'un nomeado artista portugués; e n'ila exhibiránse cadros de arte novo e popular galego, de prestixiosos autores. O mesmo tempo editarase unha revista, polo de agora anual, na que se reproducirán todal-as obras de artistas modernos e de ambiente tamén popular.

Están encarregados do ordeamento e dirección da exposición, o Decano da Facultade de Letras, Pérez Bustamante, e os coñecidos dibuxantes, Maside e Seoane. Nós non podemos por menos de gabar i estimular o proseguimento que tal empresa merece ó introducir na nosa Universidade, unha nova manifestación da cultura galega, que somella ir entrando pasenialmente no lugar que por direito e históricamente lle pertence.

### SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

**D**NDE hoxe escomezamos á publicar na nosa revista unha sección síntesis da laboura que realiza o Seminario de Estudios Galegos, por considerar que a marcha lumiosa i-ergueita da máis outa institución cultural galega, non debe ficar allea ó coñecimento dos nosos leitores, cando o intrés pol-as nosas cousas está adquirindo nos intres que percorren, a máisima valoración.

As informacions mensuás levarán somentes co índice dos principais acordos e traballos, o selo da brevedade, que impida o recargo da noticia escueta e limpa das orientacións que o guian.

#### PUBLICACIONES

**T**ESENSE presentados, previo informe do Director da Sección correspondente, os seguintes traballos:

•Catálogo de Castros da Terra de Lobeira• por Florentino L. Cuevillas e Xurxo Lorenzo.

•Tres estazóns rupestres da Serra de Lebo-reiro• por Xurxo Lorenzo e Luciano Fariña.

col da literatura do seu país, sendo aceitada a proposta por unanimidade.

#### SECCIÓN DE CIENCIAS INDUSTRIAS

**S**USCRITA polos inxeneiros industriais, Fernández e Ogando, acórdase aceitar o espírito da instancia dirixida á ista institución cultural polos devanditos señores, a fin de crear unha nova sección, dentro d'aquel centro que encamiñando as suas aitividades ó estudio, investigación, creación i-espallamento das industrias á base das posibilidades de Galicia en xeral, traballe pra aproveitar deica o extremo todolos elementos vitais que ela conteña enchendo na mensura dos seus esforzos o tal oco. A Sección que se tidoará de Ciencias Industriais e Arquitectónicas rexirase polos mesmos métodos que o resto das Seccións, con un xefe, pra cuio cárrego se propuxo o arquitecto señor Gómez Román e cunha base de residencia que radicará en Vigo.

#### CURSO DE VRAN «ULTREYA»

**A** proposta do prof. Alvaro de las Casas, teimase a cristaización d'un proieito pra organizar no Colexio «Labor» de Vigo en colaboración coas organizações «Ultreya», que dirixe o devandito profesor, uns cursos de vrán, con arreglo ás seguintes bases, e baixo a dirección dos mestres: Otero Pedrayo, Risco, Martínez López, Filgueira Valverde,

#### NOVO SOCIO

**P**OLOS señores Cabeza de León, Pedret e Filgueira, propúxose pra o seu ingreso como socio do Seminario ó señor Sergio de Sousa, ensaista portugués, que se atopa en Compostela invitado pola Facultade de Letras pra explicar unha serie de leccións en-

Carro e Sebastián González, desíñados para tal efecto pol-o Seminario.

«1.º Esta xeira docente desenrolarase do 1 ó 30 de Agosto de 1933 no Colexio «Labor» de Vigo. Comporáse de tres estadas: na primeira —do 1 ó 10— expicarase Historia e Xeografía de Galicia; na segunda —do 10 ó 20— Lingua e Literatura galegas; na terceira —do 20 ó 30— Arqueoloxia e Arte asimismo galegos.»

«2.º En cada estada ditaránse duas leccións pol-a mañán: de 10 á 11 e de 12 a 1; e duas na serán: de 4 a 5 e de 6 a 7. Con caráter voluntario realizarase unha excursión ó Castelo de Monterreal, excavación do Fregas e Tui, excursión que se terá de repetir en cada unha das tres estadas.»

«3.º Pra esta xeira ademítense asistentes internos e libres. Os internos, que se domicili-

lliarán no propio Colexio «Labor», pagarán comprendida matrícula e mantenza, 60 pesetas por cada estada. Os externos, 10 por cada estada. O externo que se matricule nas tres estadas satisfará 25 pesetas pol-as 120 leccións.»

«4.º Os dereitos satisfaránse ó se inscribir na matrícula. Esta ten de se solicitar do Consello de «Ultreya» (Manuel Quiroga 24, Pontevedra), direitamente ou por medio das delegacións de «Ultreya».»

«5.º O número de inscricións é limitado: 20 lugares pra internos e 100 pra externos. En todo caso terán dereito preferente na inscrición os «Ultreyas» e os socios do Seminario de Estudos Galegos.»

«6.º Ficou nomeado Segredario Xeral do curso, Xurxo Lorenzo, do Seminario de Estudos Galegos.»

## PUBLICACIONES RECIBIDAS

**DESCUBRIMENTO** Lisboa, números do verão e do outono de 1932, preséntanos catro traballos en homenaxe a Goethe. O Sr. Antonio Sergio (Guilherme Neister, Cándido e Gonçalo Mendes Ramires) fai unha comparanza antr'os héroes de Goethe, de Voltaire e d'Eça de Queiroz, decidindose, coma tiña qu'acontecer, dada a ideología do A., pol-o de Voltaire. Pra Antonio Sergio, o *Wilhelm Meister* non é un libro contra a poesía, coma dixerá Novalis, nin xiquera contra todo o Romantismo integrándoo nun ideal mais amplo, e pol-o tanto, clásico. Coma moitos outros, Antonio Sergio trabuca *Sturm und Drang* con Romantismo propriamente dito; e ainda o seu conceito do clásico é contraditorio: por unha banda, clasicismo é ucha harmonia mais alta e mais ampla; pola outra é ainda o grego. A miraxe helénica persiste n'il. Nais no seu conceito, o clasicismo goethiano resulta estreito, por non ser revolucionario, por ter sido Goethe un «burgués conservador». E quer ainda ver unha relación ante'a prudencia conservadora de Goethe, e a sua antipatia á matemática de Newton. D'equí a superioridade do Cándido de Voltaire encol do Guillermo Meister de Goethe e mais do Gonçalo Mendes Ramires d'Eça de Queiroz: o que Cándido remata no «idealismo social», e os outros doux non surten dun individualismo egoista.

Despoixas d'iste artigo, no que vence o preconceito políteco, ven outro de Philitas Lebesgue: *A metafísica do «Fausto» e a crise moral do nosso tempo*. O gran escritor francés persegue n'il os rastros das verdades

últimas da Ciencia Oculta nas duas partes do *Faust*. Sabido é o apaixonamento con que Goethe s'adicou ao estudo das vedadas ciencias, d'onde se cadra tirou moitas sugestións pr'as suas teorías científicas, que ficam sendo, digan o que queiran, a parte mais valiosa da obra goethiana. Goethe coma oculista foi estudiado especialmente por R. Steiner, que d'il tirou moitas ideas diretrizes, por Max Seiffing, etc. Ph. Lebesgue considera que foi desnorteado pol-o seu desconhecimento da tradición celta, pol-o soño germánico e mais pol-a filosofía de base orientalista do seu tempo. A políteca, seu dóbida, ignora moitas cousas; o ocultismo pódese trabucar dun geito fatal —por iso iso é a mais perigosa das ciencias— mais así e todo, sabe que non hai outra redención pra o home qu'a *Redención pol-o Amor*, co qual, Deus, a quem a políteca tantas veces vira as costas, achase de cote á vista. Vese ben que Ph. Lebesgue que sabe estas cousas, embora nonas diga craro. Asegún il, o trabucamento de Goethe levou Fausto ao «pensamento dos inventores e sociólogos do século XIX. Esse sonho —di— fomentou o *mechanismo* infernal que ameaça fazer desta terra uma prisão de forados...». «Fausto é bem o *Homem moderno*, que se iludió sobre o seu verdadeiro poder e que, sem ter em conta os ensinamentos da Tradição, quis viver pela Acción a experiência más perigosa que foi jamás tentada sobre a terra. Embriagado polos primeiros éxitos, julgou-se predestinado, sempre pela virtude da Acción, a ser um deus. E vacila á beira do Abismo». Ph. Lebesgue é quen di o certo.

*Goethe e o drama espiritual da sua época* é outro artigo no que o Prof. Hermani Cidade amóstrase novamente coma fino historiador das ideias. Iste comprende outramente o que é o *Sturm und Drang*, cume espiritual da *ausia fáustica*, qu'en Goethe esperou ao contauto con Herder, en Strasburgo; non romantismo ainda, mais preludio romántico —protoforma do romantismo— que H. Cidade caracteriza ideolóxicamente coma cobixa de comprehendel-o mundo orgánicamente com'un Gran todo vivente, con certa revolta do germanismo vital contra d'a orde árida e amorfa do romanismo. D'iste geito, na obra de Goethe, que vai marcando o seu desenvolvimento espiritual, vai descobrindo a evolución mental d'a Europa coetánea. Despois da viage á Italia, ven o tempo de calma apolínea, de tranquilo equilibrio, que corresponde ao trunfo na Europa da burguesia e do seu ideal, non ergueito, senón realista, utilitario, idólatra dos feitos, etc., mais ao mesmo tempo encalmado, tranquilo, folgado, tolerante, doados, ceacas un verdadeiro óptimo, que alguén chamou a Edade d'Ouro do mundo moderno, e que, arrempuxado —decimos nós— pol-o imperialismo e pol-o socialismo, esborralhouse na Grande Guerra. Isto todo vé en Goethe, H. Cidade, paralelizando audazmente, coma il mesmo dí, o *processus* outogénico co *processus* filogénico.

Por fin, João de Castro Osorio, interpreta ao seu geito a *Disciplina goethiana*. Goethe é ainda eixi o Titán rebelde que ceibe de toda certeza exterior a si propio —verdade religiosa, dogma, principio dominante, creenza segura— precura coscentemente en toda a sua obra, que é unha obra d'auto-educción, d'auto-formación, a conquista da sua propia certeza interior da posesión serea de si mesmo, verdadeira auto-creazón. A grandeza do Romantismo, pra Castro Osorio, está en precural-a realización do complexo humano, todolos istintos, todalas forzas, todalas ansias do coñecimento. O que Castro Osorio chama o Romantismo «imperialismo do ser humano» non é mais que o titanismo, o gérmo do humanismo ou humanitismo —o home divinizado— pezoña diabólica qu'o demo inseriu no Romantismo, qu'era en si unha reacción salvadora, pra perde-lo com'o perdeu. O qual veu recofrecer o propio A. do artigo, no meio da sua prosa demasiado oratoria. «Assim, o *Fausto* é realmente o poema simbólico de um momento da civilización, quando, perdidas as certezas religiosas, o homem procura encontrar-se... vive o orgullo e a afirmación *demoniaca...* etcétera». A disciplina goethiana salva o esforzo romántico; mais é unha disciplina pra chefes, non pra masas —coñecido é o pensamento políteco de João de Castro Osorio—:

## NÓS

«o sentido do bem público, mas a recusa terminante em deixalo entregue à incerteza de pensamento e à inconsistencia de sentimientos da massa... convicção de que o elemento criador e impulsor das sociedades está nos hérois e mesmo na força e no poder». Recaimos na politeca con senso contrario ó do Sr. Antonio Sergio.—V. R.

*Boletín de la A. Gallega.*

*Galicia*, Año I, núm. 3, revista mensual ilustrada. Director-gerente: José Boullón; Director literario: L. Conde de Rivera, Madrid, Septiembre de 1932. Unha revista dos galegos de Madri, co seu intrés, cousas en col das vilas galegas, d'artistas e escritores galegos. Tomo xénero, século XIX.

*Boletín de la Sociedad Castellonense de Cultura*, tomo XIV, 1933, Cuaderno I,

*A Fouce*, Bôs Aires.

*La Opinión*, Suplemento mensual de arte y letras. Avellaneda (Rep. Argentíña), Enero de 1933.

*Seara Nova*, Lisboa.

*Broteria*, Lisboa, Fevereiro, 1933.

*Galicia*, Buenos Aires.

*Archives suisses des Traditions populaires*. Prof. Dr. Ed. Hoffmann Krayer, Doctor Hanns Blüthold-Staubli e Dr. Jean Roux. Basileia.

*La Nostra Terra*, Mallorca, Novembre, de 1932.

*O Instituto*, Coimbra, Vol. 85, 4.ª Serie, vol. 4.º, núm. 1, 1933.

*Euskadi*, Bilbao.

*Portucale*, Porto, Novembro - Dezembro, de 1932.

*Correo de Galicia*, Buenos Aires.

*Revista de Cultura*, Rio-de-Janeiro, Fevereiro, 1933.

*Galicia en Madrid*, órgano de Lar Gallego, Enero, 1933. Outra revista de galegos de Madri, tipo más moderno, achegándose ao tipo Magazine.

*Revista de Espiritismo*, Lisboa, Setembro-Outubro, 1932.



## A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro.

MERQUE VOSTEDE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.  
VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

# Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo **Santiago de Galicia**

De los Profesores

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

**CIRUJANO**

GINECÓLOGO

## FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibres, conveniente en  
**Talleres de fotograbado ESPASA CALPE S.A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será unha biblioteca galega, mentres non adequira as obras editadas por

## NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
HORTAS, 20 SANTIAGO